

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO E A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA PARA POÑER EN FUNCIONAMENTO A “COMTECART. RESIDENCIA DE CREACIÓN TECNOLÓXICA” NA CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

En Santiago de Compostela na data de sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte a **FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA (ou Fundación)**, con domicilio social na Cidade da Cultura de Galicia situada en Santiago de Compostela, Monte Gaiás s/n, e provista do NIF G15721640. A Fundación está inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego co número 73.

Está representada neste acto pola súa Directora-Xerente, dona Ana Isabel Vázquez Reboredo, conforme aos poderes outorgados para o efecto polo Padroado da Fundación o 16 de decembro de 2016, poder escriturado ante notario o día 19 de decembro de 2016.

Doutra parte, a **UNIVERSIDADE DE VIGO**, (en diante a UVIGO) con CIF Q-8650002B con sede en Vigo, Campus universitario s/n.

Dunha parte, D. Manuel J. Reigosa Roger, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo, cargo que ostenta en virtude de nomeamento efectuado polo Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia 59/2018, de 8 de xuño, publicado no DOG nº 109, de 8 de xuño de 2018, actuando en exercicio das competencias que lle outorga o artigo 20 da Lei Orgánica de Universidades 6/2001, de 21 de decembro, modificada pola Lei Orgánica 4/2007, de 12 de abril, e o artigo 58 dos Estatutos desta Universidade, aprobados mediante Decreto 13/2019, de 24 de xaneiro (DOG nº 38, de 22 de febreiro de 2019; BOE nº 72, de 25 de marzo de 2019).

As partes, segundo interveñen, se recoñecen, mutua e reciprocamente, a capacidade legal necesaria e a representación suficiente para formalizar o presente Convenio de Colaboración (ou “Convenio”), e ao efecto

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a **Fundación Cidade da Cultura de Galicia (en adiante Fundación)** foi constituída o 27 de decembro de 1999, como “*organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de xeito duradeiro á realización dos fins de interese xeral propios da Institución*”. Constitúe o obxecto da Fundación Cidade da Cultura de Galicia a *creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador propicio para a interacción cultural*.

Segundo o artigo 7 dos seus estatutos, para a consecución dos fins mencionados no parágrafo anterior, a Fundación pode realizar seguintes actividades:

- “a) As necesarias para converterse nun actor clave na difusión cultural, que serva de punto de encontro entre os cidadáns e a cultura.*
- b) As que contribúan a desempeñar un papel destacado no proceso de enriquecemento/aprendizaxe cultural da cidadanía, con especial énfase na adopción e uso das novas tecnoloxías.*
- c) As tendentes a propiciar o achegamento da Cidade da Cultura de Galicia dun xeito físico á cidadanía, servindo como espazo de desenvolvemento de actividades non estritamente culturais, con especial énfase no lecer, o contacto coa natureza e o deporte.*

Universidade de Vigo

d) *Cantas dinamicen o sistema cultural galego, promovendo a difusión e conservación da nosa cultura, e a formación dunha comunidade artística vibrante, atendendo tanto a autores de referencia como a novos talentos ou a cultura de base.*

e) *As que fomenten a interrelación e os proxectos en conxunto entre axentes de distintos ámbitos das industrias culturais e creativas, con especial énfase na cooperación interrexional e a colaboración pública e privada.*

f) *As axeitadas para posicionar o Gaiás como referente internacional de reflexión, debate e formación no ámbito da innovación na xestión cultural, que contribúa á profesionalización dos diferentes axentes e das súas iniciativas.*

g) *As que impulsen o Emprendemento empresarial no ámbito das industrias culturais e creativas, con especial énfase en proxectos que favorezan a innovación, tanto tecnolóxica como non tecnolóxica, e a súa transferencia aos sectores máis maduros do tecido produtivo, servindo como plataforma de desenvolvemento e promoción da marca país Galicia.*

h) *As actividades e accións que contribúan a converter á Cidade da Cultura de Galicia nun proxecto economicamente sostible e socialmente rendible, incorporando novos socios estratéxicos, tanto públicos como privados, e diversificando as fontes de financiamento para acadar a sustentabilidade do proxecto con independencia do ciclo económico."*

O Gaiás está intimamente ligado ao fomento do Emprendemento e das Industrias Culturais en toda a súa extensión, programando actividades formativas e de asesoramento, con especial énfase en proxectos que favorezan o crecemento económico e a creación de emprego, actuando como elementos vehiculares na transmisión da identidade cultural, aspecto este esencial na difusión e promoción da diversidade cultural e a súa transferencia aos sectores máis maduros do tecido.

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia se concibe como unha plataforma de proxectos para o desenvolvemento da cultura e da sociedade galega; crea oportunidades e dinamiza o conxunto do sistema cultural galego a través do impulso e a proxección cultural no seu sentido amplo, innovador e internacional. Este tipo de actividade da Fundación deriva do *II Plan Estratéxico da Cidade da Cultura de Galicia*, aprobado polo Consello da Xunta en decembro de 2021 e presentado publicamente en xaneiro de 2022. Neste sentido, no seu plan de actividades, se indica como pilar estratéxico da actividades do Gaiás, o "*Fomento da colaboración con proxectos comúns con entidades presentes na Cidade da Cultura: Aproveitar a oportunidade única que se dá no Gaiás, coa presenza de entidades e institucións vinculadas á promoción das Industrias Culturais, ao emprendemento creativo, ao desenvolvemento tecnolóxico e a innovación, á investigación e a educación para elaborar proxectos conxuntos, a través da hibridación de estratexias e eixes de actuación comúns. Unha fortaleza única na Cidade da Cultura, que non se dá noutros centros de referencia e ten a potencialidade para converterse en elemento de identidade diferencial.*"

A Fundación pertence ao sector público da Comunidade Autónoma de Galicia, e como tal está incluída no ámbito de aplicación da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público, de acordo co previsto no artigo 45 desta lei.

En virtude do anterior, a Fundación asume como propias as medidas a adoptar polo conxunto da Xunta de Galicia para paliar a situación de crise económica que sofre, entre outros, o sector cultural galego, debido a crise sanitaria provocado polo COVID19.

Neste sentido, a Xunta de Galicia aprobou, en Consello da Xunta o 30 de abril de 2020, un Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da COVID-19, entre cuxas medidas a adoptar, se atopan as tendentes á formación, profesionalización e mellora da competitividade no sector cultural e de asesoramento e consultoría para empresas e profesionais culturais.

Estas medidas teñen por obxectivo o de favorecer o consumo de produtos culturais, mediante o mantemento e impulso da actividade, incentivar o mantemento da industria cultural galega e do

Universidade de Vigo

emprego ante as restricións motivadas pola crise sanitaria, apoiándose tamén na programación do Xacobeo 2021 e impulsar medidas de fomento da creatividade e da produción cultural.

Todas estas medidas, se enclavan nos seguintes eixes de actuación no ámbito cultural;

1. Activación da industria cultural galega
2. Mantemento do emprego cultural
3. Fomento do consumo cultural
4. Formación, profesionalización e mellora da competitividade

Visto todo o anterior, a Fundación Cidade da Cultura de Galicia puxo en marcha o proxecto *REGA: Residencias artísticas do Gaiás*, a cal pon espazos na Cidade da Cultura, recursos e equipos técnicos ao servizo de creadores e creadoras de dentro e fóra da nosa comunidade que acuden ao Gaiás para desenvolver os seus proxectos culturais vencellados coa música, coa escena, coa danza, coas artes performativas e audiovisuais e coa literatura, grazas á colaboración con institucións e colectivos culturais para consolidar o Gaiás como viveiro cultural creativo.

Esta edición 2021 arrancou o programa con cinco estadías creativas, nas que nalgún caso os e as participantes amosaron ao público o estado do seu proxecto ao remate da residencia e afrontando os primeiros resultados destas pequenas factorías culturais ateigadas de talento e creatividade.

SEGUNDO.- Que a **UNIVERSIDADE DE VIGO (en diante, UVIGO)** é unha universidade pública, galega e de calidade, con vocación de futuro e capacidade de proxección máis aló das súas fronteiras naturais, sempre atenta ás necesidades da sociedade na que constitúe un referente académico e na que desenvolve o seu labor docente e investigadora. UVIGO goza de autonomía académica, económica e de goberno e que se sitúa ao servizo da sociedade baixo os principios da igualdade, solidariedade, democracia e liberdade.

Aspiran a ser o referente innovador dentro do sistema universitario na docencia, a investigación básica e aplicada, a xestión e a transferencia da ciencia e o coñecemento, a internacionalización das súas actividades, en especial en Latinoamérica e os países lusófonos, e á integración harmónica coa contorna sendo, ademais, un instrumento socialmente vertebrador e catalizador do debate intelectual e das novas ideas.

UVIGO quere consolidarse como unha institución igualitaria, plural e participativa, comprometida coa cooperación institucional, coa solidariedade e coa preservación do medio natural, recoñecida e valorada pola formación integral do seu alumnado, tanto no campo profesional coma persoal, pola calidade dos servizos ofrecidos, pola eficiencia, eficacia e transparencia da súa xestión e polo seu prestixio académico.

TERCEIRO.- Que ambas partes, salientan a importancia de “crear alianzas a favor da industria cultural”; neste caso, que beneficien a divulgación impulsen o Emprendemento empresarial no ámbito das industrias culturais e creativas, con especial énfase en proxectos que favorezan a innovación, tanto tecnolóxica como non tecnolóxica, e a súa transferencia aos sectores máis maduros do tecido produtivo.

Neste sentido, ambas partes estiman necesario colaborar no proxecto **COMTECART**, unha proposta de residencia artística de creación dixital e de videoxogos que toma o nome do grupo de innovación docente homónimo da U. Vigo que desde hai cinco anos vén desenvolvendo con éxito experiencias de creación dentro da universidade con grupos interdisciplinarios de traballo entre estudantes.

COMTECART encadrarase no marco do programa de Residencias Artísticas no Gaiás 2022 (REGA 2022) e céntrase en elaborar un prototipo de videoxogo baseado nunha obra literaria galega que será elixida previamente. Trátase dunha proposta que busca situarse no espazo das novas

Universidade de Vigo

plataformas creativas que, desde a ensablaxe de diferentes linguaxes e medios, nos permiten participar de xeito interactivo na confección das narracións de ficción. Os prototipos de videoxogos daranse a coñecer ao público unha vez rematado o período de residencia no Gaiás.

O grupo de innovación educativa COMTECART leva cinco anos desenvolvendo na Universidade de Vigo experiencias de creación de videoxogos e produtos multimedia con equipos formados por estudantes de diferentes titulacións como Enxeñaría en Telecomunicacións, Comunicación Audiovisual ou Publicidade e Relacións Públicas.

Algunhas das propostas realizadas nos últimos anos:

1. No ano 2021 os videoxogos realizados polos grupos de traballo baseáronse na novela gráfica Destino Hërgüss, de Manel Cráneo, ambientada á súa vez no universo do Planeta Mincha creado polo debuxante coruñés.
2. En 2020 traballaron sobre o guión da longametraxe Os mortos van á présa, escrita e dirixida por Ángel de la Cruz. O grupo COMTECART desenvolveu tamén en 2020 Ponte Veteri, un videoxogo que propón un percorrido pola Pontevedra medieval (en colaboración coa Concellería de Memoria e Patrimonio Histórico do Concello de Pontevedra).
3. En 2019 o punto de partida para o desenvolvemento dos videoxogos foi o relato inédito «Timo Calixtino», protagonizado por Frank Soutelo, detective de ficción creado polo escritor Miguel Anxo Fernández.
4. Anteriormente os videoxogos baseáronse nas novelas A viaxe dos elefantes, en colaboración coa Cátedra Internacional José Saramago da Universidade de Vigo, e Apocalipsis Z, de Manel Loureiro.

A través desta colaboración, a Cidade da Cultura e a Universidade de Vigo ofrecen ao alumnado unha experiencia moi próxima aos procesos de creación cos que traballa a industria do videoxogo, configurando equipos multidisciplinares que combinan o talento artístico e narrativo co desenvolvemento tecnolóxico

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

É obxecto deste convenio a colaboración de ambas partes para o desenvolvemento do programa COMTECART no marco de Residencias Artísticas no Gaiás 2022 (REGA 2022), como un proxecto de residencias artísticas á creación dixital pioneiro para a creación de videoxogos.

O público obxectivo deste programa será o alumnado das titulacións de grao ou mestrado da Universidade de Vigo matriculado no curso 2021-2022, ou alumnado egresado do curso 2020-2021.

SEGUNDA.- COMPROMISOS DAS PARTES

En virtude do presente convenio, a **UVIGO** se obriga a;

1. Preparación da convocatorias de prazas e colaboración na divulgación de ditas convocatorias.
2. Participación na selección dos candidatos que presenten a súa candidatura para ocupar prazas convocadas.
3. A facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades –tanto impresa como

Universidade de Vigo

- audiovisual- a colaboración Xunta de Galicia e a Fundación Cidade da Cultura de Galicia.
4. Coordinar a comunicación do programa coa Fundación a través do seu Departamento de Marketing e Comunicación: para elo UVIGO informará por anticipado á Fundación Cidade da Cultura de Galicia das accións de comunicación e deberán remitir para aprobación da Fundación, todos os materiais de comunicación antes de ser editados, nomeando a tal efecto un representante, que coordinará co Departamento de Marketing e Comunicación da Fundación, toda clase de actos públicos de difusión e promoción do evento, tales como roldas de prensa ou actos con medios.
 5. Limitar as actividades que afecten ás areas e instalacións comúns dentro do complexo da Cidade da Cultura de Galicia, á programación comunicada previamente á Fundación.
 6. Xestionar as autorizacións cos seleccionados, a fin de que a Fundación Cidade da Cultura poida tomar fotografías e imaxes de vídeo, así como a concesión sen custe para a Fundación de dereitos para distribuír estas imaxes a medios de comunicación e para ser empregadas pola Cidade da Cultura para a promoción das súas actividades nos soportes físicos e dixitais que considere (web, redes sociais, folletos, arquivo, etc...). Para este fin, a Fundación poderá contratar a profesionais que se encarguen de facer fotografías e vídeos o día do evento, sempre sen perturbar ao público e participantes no desenvolvemento do evento.
 7. A conservación e seguridade dos bens materiais e inmateriais que custodie, nos aspectos non previstos no contrato de seguro subscrito pola Fundación Cidade da Cultura de Galicia. Para elo, UVIGO deberá ter subscrita unha póliza de seguro que cubra de forma suficiente os riscos sobre mobiliario, efectos e equipamento, de calquera tipo, do que sexa propietaria ou sobre os que teña a responsabilidade de mantemento e coidado que se encontren dentro das dependencias nas que se realizarán as actividades asociadas ao evento na CDC. A Fundación Cidade da Cultura non se fará responsable do roubo, perda ou deterioro de maquinaria, ferramentas, equipamento, instalacións ou de calquera outro elemento que se encontre situado dentro do espazo cedido, sexa cal fora a causa que o produza, dende o momento de vixencia do presente convenio.
 8. Xestionar e coordinar ao persoal contratado por UVIGO, o cal dependerá exclusivamente da mesma e terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa condición de empregador, sendo a Fundación Cidade da Cultura de Galicia de todo allea as devanditas relacións laborais. Incumbe especificamente ao empregador o cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social, e de seguridade e saúde no traballo.
 9. Identificar persoas, empresas e vehículos aos sos efectos de emisión da autorización de acceso ás instalacións da Cidade da Cultura de Galicia. Igualmente dotará ao persoal propio ou alleo dos medios de identificación e acreditación necesarios para facilitar a vixilancia e seguridade do complexo da CdC.
 10. Non ceder a terceiros ningún tipo de dereito de uso de instalacións ou imaxe corporativa, incluídos os dereito de imaxe do complexo, sen autorización expresa da Fundación.
 11. As medidas de prevención de riscos laborais esixibles segundo a normativa vixente, elaborando cada unha, os seus propios plans de prevención para o evento Así mesmo, UVIGO farase cargo de esixir ás empresas que contrate para a execución do obxecto do convenio, que as mesmas contén cos seus plans de prevención de riscos laborais.
 12. Seguir as directrices da Fundación Cidade da Cultura de Galicia con respecto á imaxe institucional corporativa da CdC para mantemento dunha unidade formal neste campo coa Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

En virtude do presente convenio, a **FUNDACIÓN** se obriga a;

1. A cesión temporal a título gratuito non exclusivo por parte da Fundación Cidade da Cultura dos seguintes espazos;
- ESPAZO 231 e 233 (loais do Museo Centro Gaiás); a utilización deste espazo como estadía en residencia será de 4 fins de semana presenciais (días 5-6, 12-13 e 26-27 de marzo; e 2-3 de abril de 2022). Os horarios das residencias na Cidade da Cultura serán: os sábados e os domingos en horarios consensuados previamente co profesorado docente desta iniciativa.

Universidade de Vigo

O espazo dispón de conexión wifi.

2. Asunción dos custes de aloxamento , almuerzo e comida das persoas participantes durante a súa residencia.
3. Aplicación dos protocolos sanitarios que lle sexan de aplicación en virtude da normativa vixente.
4. A facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades -tanto impresa como audiovisual- a colaboración de UVIGO.
5. Coordinar a comunicación do programa con UVIGO a través do seu Gabinete de Prensa.
6. A Fundación farase cargo dos labores de seguridade do recinto onde se realizará a actuación dispoñendo dos seguros necesarios e obrigatorios pola lexislación para actividades do tipo do que aquí se trata.

TERCEIRA.- FINANCIACION

O convenio non comporta gasto para as partes; os custos que deriven dos compromisos das partes sinalados na cláusula anterior serán os que resulten dos procedementos de contratación que correspondan ao marxe da utilización dos medios propios de cada entidade.

CUARTA.- SEGURIDADE DO ALUMNO E RESPONSABILIDADE CIVIL

Durante o período de realización do programa, o alumnado estará cuberto, en caso de accidente, enfermidade ou infortunio familiar polo Seguro Escolar, nos termos e condicións que establece a lexislación vixente. Ademais, queda garantida a responsabilidade civil de danos a terceiros que poida ocasionar o alumno pola póliza que a UVIGO ten subscrita a tales efectos.

QUINTA.- LIMPEZA

A Fundación conta cun servizo de limpeza para todo o recinto da Cidade da Cultura de Galicia, respecto dos espazos obxecto de cesión segundo figura no obxecto do convenio, contando, en todo momento, cos recursos materiais e humanos que aseguren que antes, durante e despois dos días de utilización o recinto afectado pola cesión quede en perfecto estado.

SEXTA.- SEGURIDADE E CONTROL DE ACCESO AO ESPAZO

A Fundación conta cun servizo de seguridade ordinario para todo o recinto da Cidade da Cultura de Galicia, que continuará prestándose durante o período no que se ceden os espazos e instalacións.

SÉTIMA.- MANTEMENTO

Durante a utilización das instalacións e dos espazos cedidos, UVIGO será responsable da conservación e mantemento das zonas afectadas por cesión asumindo o compromiso de mantelas en perfecto estado en todo momento.

OITAVA.- CONDICIÓN DE UTILIZACIÓN DOS ESPAZOS E INSTALACIÓNS CEDIDOS

En ningún caso a utilización por UVIGO das instalacións ou espazos obxecto deste convenio poderá alterar o normal funcionamento de servizos e actividades da Fundación e da Cidade da Cultura de Galicia, nin poderá afectar a salas de exhibición temporal de fondos daquela cando nestas se estean a celebrar exposicións.

Universidade de Vigo

A Fundación establece os seguintes requisitos necesarios para formalizar a cesión das instalacións e espazos solicitados, que deberán ser aceptados pola UVIGO:

- UVIGO respectar os horarios de apertura e peche das instalacións establecidos pola Fundación; en todo caso o acceso a zonas comúns e de traballo estarán dispoñibles os días hábiles que anualmente determina o calendario laboral local.
- Trala finalización da relación conveniada, UVIGO deixará os espazos nas mesmas condicións nas que se encontraban no momento da súa ocupación polo cesionario.
- Cumpriranse todas as normas establecidas pola Fundación para a seguridade, e no seu caso a conservación, cuxo incumprimento supón a resolución do convenio.

NOVENA.- DIFUSIÓN DE IMAXES DA CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

A reprodución, difusión e comunicación das imaxes, sons, ou documentación por parte de UVIGO en canto inclúa referencias ou imaxes, externas ou internas das instalacións, espazos ou zonas correspondentes á Fundación Cidade da Cultura de Galicia en calquera medio de difusión impreso, audiovisual, Internet, ou en calquera soporte, físico ou virtual, requirirá a aprobación expresa e por escrito da Fundación.

DÉCIMA.- CESIÓN E SUBCONTRATACIÓN

En ningún caso se admite a cesión ou subcontratación dos espazos ou instalacións obxecto do presente convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS

1. Tratamento de datos persoais das partes intervenientes no convenio

As partes intervenientes manifestan ter sido informadas, respecto dos seus propios datos persoais que se faciliten para a formalización e o adecuado desenvolvemento deste convenio, conforme ao disposto no artigo 13 do Regulamento 2016/679 (UE) xeral de protección de datos persoais (en diante, RXPDP) e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. A lexitimación para o tratamento dos datos seus datos, será a execución do presente convenio.

No caso de que, no ámbito deste convenio, os intervenientes se facilitasen respectivamente datos persoais de terceiros, incluídos os relativos ao persoal ao seu servizo, estes serán tratados para o cumprimento dunha misión de interese público ou o exercicio de poderes públicos, debendo informar previamente á súa comunicación aos interesados dos extremos previstos no devandito artigo 13.

2. Deber de confidencialidade das partes intervenientes no convenio

As partes intervenientes deberán respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos e informacións que lle foran confiados para a formalización do convenio ou que sexan elaborados con ocasión da execución do mesmo. Así, quedan expresamente obrigadas:

- a utilizar a devandita información exclusivamente no ámbito deste convenio e para as finalidades previstas no mesmo;
- a non comunicala, nin total nin parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos casos expresamente previstos na lei, esixindo idéntico compromiso ao persoal que empregue ou co que colabore na execución do convenio;
- a facilitar o acceso á información unicamente ao persoal que a necesite para o desenvolvemento da devandita relación, a quen se comunicará a obriga de tratar a

Universidade de Vigo

- información á que se lles dá acceso con carácter estritamente confidencial;
- a aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a forneceu;

Considerarase información confidencial aquela á que os intervenientes accedan en virtude do presente convenio, especialmente a de tipo técnico ou tecnolóxico, de produción, de mercadotecnia, administrativa, ou económico-financeira, sempre que non teña carácter público ou notorio. Este deber manterase durante un prazo mínimo de dez anos desde o coñecemento desa información.

DÉCIMO SEGUNDA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Establécese unha Comisión de Seguimento do presente convenio integrada por un mínimo de dous representantes por cada unha das partes asinantes deste convenio. Os membros desta comisión poderán ser substituídos polas persoas que estes designen. A substitución, con carácter definitivo ou temporal, de calquera dos membros da Comisión de Seguimento, será anunciada na convocatoria de reunión correspondente, e quedará debidamente reflectida na acta da mesma.

Esta comisión estará presidida por un dos representantes da Fundación, e actuará como secretario un dos representantes de UVIGO.

A Comisión de Seguimento asumirá, entre outras, as seguintes funcións:

- Supervisar a execución dos proxectos.
- Resolver os problemas de interpretación e cumprimento que se deriven do presente convenio.

DÉCIMO TERCEIRA.- RÉXIME XURÍDICO E SOLUCIÓN DE DISCREPANCIAS

O presente convenio está excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2017/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, se ben se observarán os seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

As partes se comprometen a resolver de común acordo calquera controversia que puidera suscitarse sobre a interpretación ou execución deste Convenio. As eventuais discrepancias derivadas do presente convenio que non poidan ser resoltas pola comisión de seguimento prevista na cláusula quinta, resolveranse polo procedemento previsto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, para os conflitos de atribucións.

DÉCIMO CUARTA.- VIXENCIA

Este acordo producirá os seus efectos a partir da data da súa sinatura, e a súa vixencia estenderase ata o momento que cese o desenvolvemento nel previsto.

DÉCIMO QUINTA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente acordo:

1. Polo transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
2. Por acordo unánime das partes.
3. Por incumprimento por algunha das partes de calquera das cláusulas establecidas no presente Convenio. Calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra en quince (15) días coas obrigacións ou compromisos que

Universidade de Vigo

se consideren incumpridos. Este requirimento será comunicado ao responsable da Comisión de Seguimento establecida na cláusula Décimo segunda do presente documento. Se transcorrido o prazo indicado persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase por resolto o convenio.

4. Por decisión de calquera das partes, se sobreviñesen causas que impedisen ou dificultasen de forma significativa a execución do Convenio, e sempre que sexa comunicado por escrito ás outras partes cunha antelación mínima dun mes.
5. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
6. Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no Convenio ou noutras leis.
7. As disposicións normativas ou, de ser o caso, acordos polos que extingan as partes ou se dispoñan outros usos para a Cidade da Cultura de Galicia.

Se, en caso de resolución do Convenio, existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da comisión de seguimento, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas.

A resolución por incumprimento de UVIGO extingue o dereito deste a reclamar indemnización algunha por ningún concepto.

DÉCIMO SEXTA.- PUBLICIDADE

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes autorizan/consenten na publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente acordo de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Administración autonómica publicará o texto íntegro do acordo.

E en proba de conformidade co exposto, asinan este acordo no lugar e data sinalados no encabezamento

Pola Fundación Cidade da Cultura de Galicia Pola Universidade de Vigo

D^a. Ana Isabel Vázquez Reboredo

D. Manuel J. Reigosa Roger